



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNION

Dirección - Rep. Sindical (18/01/11)

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

Producción Febreiro.- No Sistema I asinan 4 sábados de velada (5, 12, 19 e 26) e 3 Domingos noite de 8 horas (6, 13 e 20). En canto o Sistema II, para poder implantar a baixada en cadencia (36 veh/h), non serán laborais os días 21 e 22 deste mes. O Taller de CKD's pasa a quenda fixa de maña.

Calendario Laboral.

Para toda a Plantilla, segue mantendo a súa proposta inicial de 4 semanas continuadas no mes de Agosto (3 semanas de vacacións, 2 días de Convenio e 3 días de Adecuación de Xornada) e unha última semana de Decembro. ***A C.I.G. segue mantendo a reivindicación do disfrute individual dos 2 días de Convenio, e que a 4ª semana de Agosto sexa de Adecuación.***

Para o Sistema I, propón o disfrute dunha ***semana volante***, a maiores, entre os meses de Abril e Outubro para todos/as aqueles que dispoñamos de ***saldo positivo na Bolsa de horas***.

Para a Quenda de Noite, a partires do mes de Abril volveríase a habilitar o calendario de descansos nas mesmas condicións que se pactaran no seu momento pola 6ª xornada, **acordo logrado despois dunha reclamación gañada pola C.I.G.**

ERE

A Dirección, seguindo o seu enfoque de non equilibrar as liñas, prantexa as seguintes novidades:

Dos posibles 429 traballadores/as afectados/as no Sistema II, sobre 180 son de Contrato a Tempo Parcial é os 250 restantes traballadores/as a Tempo Completo.

Proposta:

Modificación Regulamento Bolsa de Horas


Contratos a Tempo Parcial . Propoñen que todos/as aqueles/as que superen 132 horas o mes, estas sexan destinadas para reducir o saldo negativo da Bolsa de Horas ata chegar o saldo "0". Por cada hora sería mallorada 0'25. Exemplo collamos o mes de Marzo:

.- 22 días laborais X 7'75 = 170'5 h/mensuais.

.-170'5 h/mes - 132 h./retribuídas = 38'5 h. X 0'25% (malloradas)= 48'125 horas que irían a reducir o saldo negativo da Bolsa

.- 48'125 h/ para Bolsa, traducido en días 7'5 días. Cifra sobre a cal a C.I.G. mantemos reservas pola non aplicación do Coeficiente.

En todo caso, o salario veríase mermado no valor dos días destinados a Bolsa.



Contratos a Tempo Completo.- En canto os 250 traballadores/as que dispoñemos desta modalidade contractual no Sistema II e cun déficit superior os 19 días na Bolsa de Horas, a Dirección fai dúas propostas:

1ª) Favorecer, de maneira voluntaria, o cambio para a M-1 a todos os traballadores/as cun maior saldo negativo na bolsa coas seguintes condicións:

- .- que desempeñe con normalidade o posto que se lle ofrece*
- .- que realice os sábados de velada que lle sexan asignados a Quenda a que pertenza*
- .- de non ser posible ubicalo/a nas quendas do día, dispoñibilidade para pasar a Quenda de Noite aceptando as condicións desta quenda.*

2ª) De manterse no posto actual, e unha vez superado o consumo dos 30 días de Bolsa, aplicaríanse días de ERE. Para estes casos, os *10 primeiros días cobrarase o regulado por Lei (70% da Base Reguladora dos últimos 180 días, incluído o porcentaxe pertencente as pagas extras), do 11 en diante, a Empresa garantirá o 90% do salario e a paga extra.*

Por parte da C.I.G. sen decaer da nosa demanda dunha "Polivalencia do útil industrial" a mesma que se nos esixe a man de obra directa, porque do contrario sería como aceptar que as inversións realizadas no seu día, e os días de bolsa que destinamos os traballadores/as (6 días) non tiveran sentido.

Por último, e dende a responsabilidade colectiva, non debemos aceptar tratamentos diferenciados entre os traballadores/as segundo a súa *modalidade contractual, cultural, persoal, cubicación do Taller,...etc.* Para elo, o noso entender, xa nos chegou co Convenio Colectivo, polo que, pedimos a Dirección que para a Reunión prevista para este venres traía novas propostas ademais das modificacións que se pretenden sobre documentos asignados e o alcance dos mesmos no tempo.

Confederación Intersindical Galega